

Resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2018.

Pola Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98, do 24 de maio), establécense as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e convócanse para o ano 2018. O anexo II da citada orde está dedicado a regular a modalidade B destas axudas e establece no seu artigo 6 que as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

De acordo co Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

A Instrución 1/2021, do 18 de febreiro, da Secretaría Xeral de Universidades, establece as directrices para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2018. A avaliación levouse a cabo por persoas expertas externas ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe das persoas expertas, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador e emitir a certificación correspondente:

Investigadoras e investigadores do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2018					
Univ.	1 apelido	2 apelido	Nome	DNI.	Avaliación
UVIGO	Lorenzo	Fernández	Paula	*****99W	Positiva



Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

